



RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA POLA QUE SE ACORDA A APROBACIÓN DO ESTUDIO DE VIABILIDADE DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA PARA A IMPLANTACIÓN DUN ESTABLECEMENTO DE CAFETERÍA E ASEOS NA PARCELA PS-6 DA ETEA

A Comunidade Autónoma de Galicia é propietaria da parcela PS-5 na ETEA no concello de Vigo.

O día 30 de xuño de 2025 a entidade mercantil "PROYFE", previo encargo por parte da Administración autonómica, presentou o estudo de viabilidade económico-financeira para o desenvolvemento do contrato de concesión de obra pública para a implantación dun establecemento de cafetería e aseos situados no ámbito do PS-5 do Plan Sectorial de Ordenación do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar en terreos da ETEA, Concello de Vigo.

Este estudo de viabilidade realízase a efectos de cumprir co establecido no artigo 247 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público segundo o cal, con carácter previo á decisión de construír e explotar en réxime de concesión unhas obras, o órgano que corresponda da Administración concedente acordará a realización dun estudo de viabilidade das mesmas.

Unha vez revisado o contido do estudo de viabilidade económico-financeira, así como a súa idoneidade e adecuación á orde de estudo, a Axencia Galega de Infraestruturas procedeu a súa aprobación provisional, ao considerar axustado ao que se considera necesario para dar publicidade ás actuacións que se pretenden acometer.

En base ao anterior e de conformidade co disposto no apartado 7 do artigo 247 da LCSP acórdase a aprobación do estudos de viabilidade nos termos en que está adoptado.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
O director xeral de Simplificación Administrativa e do patrimonio
José M Barreiro Díaz

